

Resolución da Axencia Galega da Calidade Alimentaria en relación ás unidades de gando equivalente para fixar os límites de aplicación de Nitróxeno aos solos ecolóxicos

Antecedentes:

O día 1 de xaneiro de 2022 entrou en vigor o Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetado dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello.

No apartado 1.6.7 da parte II do Anexo II, dedicado ás normas de produción animal, establécese que a autoridade competente fixará o número de unidades de gando equivalente ao límite contemplado no punto 1.6.6, que é de 170 U.F.N.

Dado que para establecer estes límites pódese acudir a normas xurídicas aprobadas no ámbito de Galicia, o estado ou a Unión Europea e que recentemente estas cambiaron, cómpre establecer o número de unidades de gando que poden establecerse por hectárea nun solo agrícola ecolóxico sen superar os citados límites no caso de que os animais fosen a única fonte de achega de Nitróxeno e non houberse fertilizacións orgánicas suplementarias.

Esta carga gandeira establécese en función das seguintes normas:

- Real Decreto 1048/2022, de 27 de decembro, sobre a aplicación, a partir de 2023, das intervencións en forma de pagos directos e o establecemento de requisitos comúns no marco do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e a regulación da solicitude única do sistema integrado de xestión e control.
- Regulamento (CE) nº 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, a súa etiquetaxe e o seu control.
- Decisión de execución (UE) 2017/302 da Comisión do 15 de febreiro de 2017 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) no marco da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello respecto á cría intensiva de aves de curral o de porcos.

Tómanse como referencia as cifras de emisións por unidade de carga gandeira no que se refire a aves e coellos que se atopan no Regulamento (UE) 889/2008 dado que, aínda que está derogado, as cifras propostas nel están dentro do rango de emisións que





aparece na Decisión de execución 2017/302 sobre mellores técnicas dispoñibles. Tamén se mantén o criterio de que 170 kg de N equivalen a 2 UGM.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria é a autoridade competente en materia de produción ecolóxica segundo o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos.

Por todo o dito, RESOLVO:

Aprobar as unidades de gando equivalente (UGM) que se poden empregar por ha nas explotacións ecolóxicas galegas para non superar o límite de 170 U.F.N., que se achegan como ANEXO a esta resolución.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria

José Luis Cabarcos Corral





ANEXO

ESPECIE	CARACTERÍSTICAS	Unidades de gando equivalentes
BOVINOS	De menos de 1 ano.	0,400
	De un ano a menos de dous anos.	0,700
	Machos, de dous anos ou máis.	1,000
	Novelas, de dous anos ou máis.	0,800
	Vacas de aptitude láctea, de dous anos ou máis.	1,000
	Outras vacas, de dous anos ou máis.	0,800
OUTROS	Ovinos e cabrúns	0,100
	Equinos.	0,800
	Porcinos Leitóns > 20 Kg de peso vivo.	0,027
	Porcas de cría > 50 Kg.	0,500
	Outros porcinos.	0,300
AVES POSTA		230 ud/UGM
POLIÑAS		580 ud/ UGM
AVES DE ENGORDE		580 ud/ UGM
COELLAS NAIS		100 ud/ UGM
COELLOS ENGORDE		100 ud/ UGM

